

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente
(escusa a inasistencia)

Emilio M.Martínez Rivas, Vicexerente de
Recursos Humanos (substitúeo como
Presidente)

José Manuel Fernández Viña, Xefe do
Servizo de PAS

Margarita González Hernández, Xefa da
Sección de Emprego e Programas
(Secretaria)

Acta da reunión celebrada ás 13:15
horas do día 14 de decembro de 2011, na
sala de xuntas nº 1 do Edificio Xerencia coa
asistencia das persoas que se citan á marxe
e de acordo coa seguinte

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

María Fariza Novoa (CCOO)

José Santiago Santos García (UXT) (non
asiste)

Xoan Cebro Rodríguez (CIG) (non asiste)

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta do 19.10.11
2. Contratación por riba de RPT de dúas persoas na categoría de Técnico Superior do CACTI.
3. Contratación por riba de RPT dunha persoa na categoría de Técnico Superior de I+D.
4. Informe das contratacións realizadas desde o 21 de maio de 2011.
5. Rogos e preguntas.

O Xerente escusa a súa inasistencia, por ter que asistir a outra reunión sobre temas orzamentarios. O Vicexerente de Recursos Humanos escusa a inasistencia de Santiago Santos.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 19 DE OUTUBRO DE 2011.

Apróbase a acta por unanimidade.

O Vicexerente de Recursos Humanos solicita tratar a continuación o punto 3.

2. CONTRATACIÓN POR RIBA DE RPT DUNHA PERSOA NA CATEGORÍA DE TÉCNICO SUPERIOR DE I+D.

O Vicexerente de Recursos Humanos expón que tanto no CACTI como no Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento (SAID) xestiónanse proxectos europeos, así como contratos e convenios con empresas, funcións acordadas coas liñas estratéxicas da Universidade de potenciar os proxectos europeos e os convenios e contratos con empresas, que en parte as realiza o persoal con cargo a proxectos e subvencións doutras administracións que rematan a finais deste ano. Analizado o volume de traballo e co informe dos responsables da unidadeponse de evidencia que é necesario contratar un Técnico Superior de I+D por riba da RPT, categoría na que existe lista de agarda.

Ángel Torreiro pregunta qué xornada realizará e o Vicexerente responde que terá quenda de mañá.

Luis Pérez esperaba que esta praza ía ser para o campus de Ourense, polo que estima que na próxima reunión se deberían propoñer polo menos dúas prazas para o CACTI de Ourense.

3. CONTRATACIÓN POR RIBA DE RPT DE DÚAS PERSOAS NA CATEGORÍA DE TÉCNICO SUPERIOR CON DESTINO NO CACTI.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que a Universidade capta fondos para a creación de infraestruturas e prestación de servizos aos equipos de investigación, participando en convocatorias de contratación de persoal técnico de apoio. Nos vindeiros anos a Universidade vai seguir requirindo de este tipo de financiamento, para seguir dando apoio aos grupos de investigación. Ademais a oferta de servizos do CACTI non deixa de medrar, con unidades que son únicas en toda Galicia e que se deben potenciar. Por isto se precisa contratar dúas persoas por un período dun ano, unha na categoría de Técnico Superior de Análise de Superficies e outra na categoría de Técnico Superior de Análise Instrumental, Calidade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible, aínda que equivocadamente no informe que se achegou coa convocatoria desta reunión figura a categoría de Técnico Superior de Análise Instrumental. A outra categoría non existe na actualidade entre as enumeradas no Convenio, pero resulta necesaria a contratación para atender as necesidades de apoio aos ámbitos técnicos e

científicos. A denominación intenta ser suficientemente flexible para non circunscribirla demasiado e que poida atender diferentes áreas e desenvolver diferentes técnicas. As bases da convocatoria levaranse á Comisión de Seguimento do Acordo de selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do PAS.

Con respecto á categoría de Técnico Superior de Análise Instrumental, Calidade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible o Vicexerente de Recursos Humanos entende que debería ter un temario específico, porque aínda que o seu perfil engloba aspectos da categoría de TS de Análise Instrumental, tamén os incorpora de TS de Calidade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible, de aí a denominación proposta..

Ángel Torreiro mantén que lle parece ben que se unifiquen estas categorías, porén actualmente existe unha lista de agarda de Técnico Superior de Análise Instrumental e outra de Técnico Superior de Calidade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible, polo que pregunta se se pretende xerar unha nova lista da categoría de TS Análise Instrumental, Calidade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible. Que se todos están de acordo en tender á unificación de categorías, entón se podería utilizar a lista de agarda que mellor se adapte ás funcións a desenvolver.

Ante a pregunta de L. Pérez, Margarita González explica que a lista de TS de Calidade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible non se publicou porque inicialmente a convocatoria tiña por finalidade realizar unha contratación non xerar unha lista de agarda, pero que se poderían revisar as actas para elaborala.

Marcos Estévez suxire que se utilice a lista de agarda procedente de dito proceso.

Luis Pérez opina que as prazas de técnicos no ámbito de investigación están excesivamente singularizadas debendo ser máis amplas. Ademais considera que este tipo de propostas limitan a capacidade de negociación da RPT, xa que en realidade se están a crear prazas e categorías, co que na práctica a parte social ten apenas marxe de manobra para negociar a RPT, limitándose a regularizar unha situación pre-existente, polo que non quere tratar nesta comisión a creación de categorías e prazas.

Marcos Estévez tamén se pregunta pola marxe real de negociación da RPT no futuro.

Acórdase utilizar a lista de agarda resultante do proceso de contratación temporal na categoría de Técnico Superior de Calidade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible.

4. INFORME DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS.

(Período: maio 2011 – actualidade)

Luis Pérez reitera a obriga de realizar a convocatoria de Técnico Especialista de Análise Instrumental por acceso libre, despois de pola quenda de promoción interna quedara vacante.

O Vicexerente de Recursos Humanos informa que está axustando a composición do tribunal.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Marcos Estévez expón a situación dun ATSX de apoio ao campus de Pontevedra en quenda de tarde que dende hai un tempo está permanentemente destinado na Casa das Campás, polo que de xurdir calquera eventualidade nun centro debe atendela o outro ATSX de apoio.

O Vicexerente de Recursos Humanos di que este aspecto queda no ámbito de organización do Campus de Pontevedra e que non lle consta que teña habido incidentes.

Luis Pérez se interesa porque algunha listas de agarda se actualizan e outras non. Margarita González explica que comezouse con aquelas nas que se producen máis movementos, co compromiso de actualizalas todas.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14.10 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.